

A antiga finca Miradoiro de Monte Porreiro, que inicialmente formaba parte da facenda de don Casimiro Gómez, é hoxe o gran parque desta urbanización. Unha iniciativa municipal enmarcada no plan de mellora dos parques e xardíns de Pontevedra, relacionada tamén cos programas para a recuperación das sendas do río Lérez, a praia fluvial e a restauración integral da Xunqueira do Cobo, agora chamada Illa das Esculturas.

O PARQUE MIRADOIRO DE MONTE PORREIRO

Queremos que a cidadanía goce dos seus parques e xardíns para o lecer e o paseo, pero tamén para a educación, a sensibilidade ambiental e a harmonía urbana.

Os seus 50.000 m2 convírteno nun dos de maior superficie de Pontevedra. En principio, boa parte do predio estaba destinado á construción, pero un acordo entre a Consellería de Vivenda e o Concello permitiu que se destinase a parque. A súa privilexiada situación nun outeiro sobre o Lérez ofrece unha atractiva perspectiva do val fluvial.



COMO FOI CONVERTÉNDOSE EN PARQUE?

O Miradoiro era unha auténtica selva chea de maleza. Para convertila nun fermoso parque seguimos os seguintes pasos:

1. Desbrozáronse totalmente os arbustos, con motodesbrozadoras, triturando posteriormente os restos
2. Taláronse a maioría das especies invasoras, especialmente as acacias e boa parte dos eucaliptos, deixando ós os de máis valor ornamental
3. Construíronse barreiras de madeira no noiro do minigolf, onde tamén se prantaron arbustos para mellorar a paisaxe e previr a erosión do campo
4. Limpouse a beirarrúa perimetral
5. Realizouse un estendido e nivelación do terreo, con aportación de terra vexetal e o posterior fresado, para a creación de pradeira
6. Constrúese un muro de pedra na zona de recreo, así como un pequeno valado na zona do miradoiro e unha escaleira para acceder desde a estrada inferior. Tamén se instaláron fontes de auga
7. Adecuouse un espazo acotado para facer unha horta
8. Instalouse un novo alumeadado público, para mellorar a seguridade e facilitar a utilización nocturna
9. Limpáronse e adecuáronse os camiños, así como a avenida central do parque
10. Realízase a repoboación arbórea con cedros, liquidámbar, bidueiros, acer e cornus

